## *Quero, queda limpo*

Xesús, vimos a ti, admirados da túa valentía ao tocar a aquel leproso limpándoo da lepra, enchendo a súa vida de alegría e facendo posible que volvese coa súa familia e participase na súa comunidade.

E acórdome de min, que tantas veces vexo con malos ollos os que son diferentes e exclúoos da miña vida porque pensan distinto ou me caen mal.

Por iso hoxe como o leproso dígoche: "se queres podes limparme", limpa o meu pecado, os meus prexuízos, as miñas intolerancias e escravitudes.

Xesús es a auga viva que lava as miñas manchas e me fai revestir co amor de Deus feito proximidade, feito xestos de amor cos que me rodean.

Nesta Xornada da Campaña contra a fame de Mans Unidas, quero pedirche polos excluídos no terceiro mundo, que lles falta pan, medicinas, auga, educación, posibilidades... Dános un corazón solidario capaz de "contaxiar solidariedade" cos que pasan fame, ou non teñen acceso a colexios, sanidade, auga, ou dereitos... Amén.



HISTORIAS DE SOLIDARIDAD

**India**

Mi nombre es **Nandini** y vivo en la India, en una zona rural de población indígena, donde las familias son adivasi. No somos considerados como el resto de la ciudadanía, vivimos marginados. En nuestras casas no hay electricidad, tampoco en la escuela, y no podemos estudiar. Manos Unidas ha apoyado la construcción de un sistema de paneles solares para poder tener luz en los hogares y en la escuela, eso nos permite usar el ordenador.

**¿Por qué Nandini no utiliza un ordenador? ¿Qué energía ha utilizado la escuela para tener electricidad? Imagina cómo sería tu vida en esta aldea.**

**Rep. Dem. del Congo**

Soy **Etienne** y vivo en el centro de África, en la República Democrática del Congo. Mi país es muy rico en minerales, especialmente en coltán que se utiliza para fabricar piezas de ordenadores, móviles, y de la mayoría de los aparatos electrónicos. Muchos niños como yo trabajan en las minas porque los agujeros para entrar son muy pequeños y cabemos mejor, pero es peligroso para nuestra salud y muchos mueren. Con la colaboración de Manos Unidas he podido salir de la mina y volver a la escuela.

**¿En qué se parecen tu vida y la de Etienne? ¿En qué se diferencian?**

**Honduras**

Me llamo **Marineli** y vivo en Honduras, uno de los países más pobres de América. En mi pueblo no se podía beber el agua porque una fábrica de confección de ropa contaminaba nuestros manantiales y el río. La asociación vecinal, con el apoyo de Manos Unidas, ha conseguido que la fábrica tratara los residuos industriales y así se recupera el agua.

**¿Por qué Marineli no puede beber agua? ¿Para qué utilizas el agua a lo largo de un día? ¿Cómo la cuidas?**

**¿Qué puedes hacer para que Nandini, Etienne y Marineli tengan una infancia sana y puedan jugar, estudiar... sin dificultad?**







***Evangelio***

***11-febreiro-2024***

6ºORDINARIO-B




# Xesús, como ao leproso límpasme e énchesme

# Ordinario 6º

**Levítico 13, 1-2. 44-46:** ***O leproso vivirá só e terá a súa morada fóra do campamento.***

O Señor díxolles a Moisés e a Aarón: *«Cando algún teña unha inflamación, unha erupción ou unha mancha na pel, e prodúzaselle unha chaga como de lepra, será levado ante o sacerdote Aarón, ou ante un dos seus fillos sacerdotes. Trátase dun leproso: é impuro. O sacerdote declararao impuro de lepra na cabeza. O enfermo de lepra andará coa roupa rachada e a cabeleira espeluxada, coa barba tapada e gritando: "Impuro, impuro!". Mentres lle dure a afección, seguirá sendo impuro. É impuro e vivirá só e terá a súa morada fose do campamento».* Palabra do Señor.

**SALMO 31: R/. Ti es o meu refuxio, rodéasme de cantos de liberación.**

**I CORINTIOS 10, 31-11, 1:** ***Sede imitadores meus como eu o son de Cristo.*** Irmáns: Xa comades, xa bebades ou fagades o que fagades, facédeo todo para gloria de Deus. Non deades motivo de escándalo nin a xudeus, nin a gregos, nin á Igrexa de Deus; coma min, que procuro contentar en todo a todos, non buscando a miña propia vantaxe, senón a da maioría, para que se salven. Sede imitadores meus como eu o son de Cristo. *Palabra do Señor.*

**MARCOS:** ***Quitóuselle a lepra, e quedou limpo.***

**Narrador:** Naquel tempo, achegouse a Xesús un leproso, suplicándolle de xeonllos:

**Leproso:** - ***«Se queres, podes limparme».***

**Narrador:** Compadecido, estendeu a man e tocouno dicindo:

**Xesús:** - *«Quero: queda limpo».*

**Narrador:** A lepra quitóuselle inmediatamente e quedou limpo. El despediuno, encargándolle severamente:

**Xesús:** - *«Non llo digas a ninguén; pero para que conste, ve a presentarche ao sacerdote e ofrece pola túa purificación o que mandou Moisés, para que lles sirva de testemuño».*

**Narrador:** Pero cando se foi, empezou a pregoar ben alto e a divulgar o feito, de modo que Xesús xa non podía entrar abertamente en ningunha aldea; quedaba fóra, en lugares solitarios; e aínda así acudían a el de todas partes.

*Palabra do Señor.*

***(Narrador - Leproso – Xesús)***











## Xesús, como ao leproso límpasme e énchesme

### 1. VER: A limpeza, Deus amouna

- Ás veces oímos este refrán que resalta a importancia da limpeza. Na casa repartímonos as tarefas para fregar os pratos, para pasar os aspiradora etc

***Gústache a orde e a limpeza? Que facedes para iso?***

### 2. XULGAR: Xesús límpame e éncheme

- No evanxeo deste domingo, un leproso, saltándose as normas do Levítico (ver primeira lectura) achégase a Xesús suplicándolle: "Se queres podes limparme". El estende a man, tócao e dille: ***"quero, queda limpo".*** Así Xesús límpao da lepra e intégrao na vida social, quedando curado e contándollo a todos.

Mc. 1,40-45: Fundación Ramón Pané, película: https://youtu.be/dk-Ptd0NQMA

-**QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?**

- **A enfermidade da lepra é horrible á vista**. A lei xudía, para evitar o contaxio, prevía sacar os enfermos da aldea, marxinalos, declaralos "impuros", sen atención ningunha.
- **Tamén nós temos multitude de lepras** que necesitamos limpar da nosa vida: o pecado, o egoísmo, o interese, a falta de fe… Queremos achegarnos a Xesús para que nos limpe, lávenos e cúrenos. "Se queres pode limparme", dicímoslle. E Xesús, como ao leproso, colleranos da man, limpará as nosas costras, encheranos co seu amor, saciaranos coa vida plena e divina.
- Este 6º domingo a Igrexa celebra a **Campaña contra a fame de Mans Unidas** que trata de facer realidade en nós "O efecto ser humano", é dicir a solidariedade, o amor… É un bo día para suplicar ao Señor que nos limpe a lepra da falta de compaixón que xera desigualdade, a falta de compartir que leva á fame e o egoísmo que mata aos máis pobres.

Roto, curtametraxe: https://youtu.be/watch?v=O8flhSqMPxU&feature=emb_title

***Que lepras hai no mundo? Que lepras hai en ti?***

### 3. ACTUAR: O amor fai posible o milagre

Busca en internet Mans Unidas el vídeo O efecto ser humano, vídeo de Campaña 2024 (6'): https://youtu.be/watch?v=k-CfuPu49v4, reflexiónao, descobre as pobrezas que hai preto ou lonxe e a necesidade de que o amor faga o milagre do cambio.

Mira que debes facer para que Xesús lave a túa falta de compaixón e insolidariedade cos marxinados de hoxe. Participade na colecta de Mans Unidas, descubrir algún proxecto no que poidades colaborar. Aprendede unha canción solidaria e cantala.

Himno á casa común, Emanuel Etchegaray: https://youtu.be/kPXm5jyROs0

***Que estás disposto a facer?***